

## Enquisa de poboación activa. Módulo sobre a transición da vida laboral á xubilación. Galicia. Ano 2012

### Resumo de resultados

*En Galicia o 37,4% da poboación de 50 a 69 anos que tivo actividade laboral nalgún momento dese período da súa vida percibe algún tipo de pensión*

*Aproximadamente 16.200 persoas incluídas na poboación de referencia percibiron en 2012 unha prexubilación*

*O 71,6% dos que están xerando ou xeraron dereitos de xubilación faino a través do sistema público*

*O 21,9% complementa o sistema público con plans de pensións individuais*

Este módulo vai dirixido a todas as persoas de 50 a 69 anos que tiveron algunha relación laboral nalgún momento dese período da súa vida, é dicir, aos que ou ben seguen estando ocupados ou ben traballaron despois dos 49 anos aínda que no momento actual xa non traballen. O obxectivo xeral do módulo é analizar a transición da vida laboral cara a xubilación para o grupo de poboación mencionado. En concreto, pretende dar resposta a catro cuestións principais:

- Como saen esas persoas do mercado laboral.
- Por que saen esas persoas do mercado laboral.
- Por que non permaneceron máis tempo no mercado laboral.
- Durante canto tempo teñen pensado permanecer no mercado laboral os traballadores de 50 a 69 anos.

#### Clasificación da poboación analizada no módulo segundo as distintas variables estudadas. Galicia. Ano 2012

*Miles de persoas e porcentaxes*

	Número	Porcentaxe
<b>Poboación de referencia (poboación de 50 a 69 anos que tivo algunha actividade laboral nalgún momento dese período da súa vida)</b>	<b>584,9</b>	<b>100,0</b>
Perciben algún tipo de pensión	219,0	37,4
Percibe prexubilación	16,2	2,8
Percibe pensión de xubilación	148,7	25,4
Percibe pensión distinta de xubilación	65,6	11,2
Non perciben ningún tipo de pensión	365,4	62,5
Non saben	0,5	0,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: a poboación de referencia do módulo inclúe a todas as persoas de 50 a 69 anos ocupadas ou que, non estando ocupadas no momento de recollida da información, traballaron despois dos 49 anos. O total de persoas que perciben pensión non coincide coa suma por tipos debido a que hai persoas que reciben máis dun tipo de pensión.

## Cobro de pensións

No ano 2012 residían en Galicia 584.900 persoas de entre 50 e 69 anos que, ou ben estaban ocupadas, ou ben traballaron despois dos 49 anos. O 37,4% destas persoas percibía algún tipo de pensión. Segundo a relación coa actividade económica deste colectivo, perciben algún tipo de pensión (incluídos os EREs e as prexubilacións) o 5,1% dos ocupados, o 12,4% dos parados e o 84,1% dos inactivos.

### Persoas de 50 a 69 anos segundo perciban ou non unha pensión, por situación de actividade. Galicia. Ano 2012

Miles de persoas e porcentaxes

	Persoas de 50 a 69 anos (*)	Recibe algún tipo de pensión	
		Persoas	Porcentaxe
<b>Total</b>	<b>584,9</b>	<b>219,0</b>	<b>37,4</b>
Ocupados	306,0	15,7	5,1
Parados	43,6	5,4	12,4
Inactivos	235,3	197,9	84,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota:

(\*) Persoas de 50 a 69 anos ocupadas ou que, non estando ocupadas no momento de recollida da información, traballaron despois dos 49 anos.

As compensacións mensuais por prexubilacións ou ERE considéranse tamén pensións.

Dos 219 mil galegos de entre 50 e 69 anos ocupados, ou que sen estalo en 2012, traballaron despois dos 49 anos, que reciben pensións, preto do 68% percibía unha pensión de xubilación. Ao analizar esta información segundo o sexo, obsérvase como a porcentaxe dos homes que cobran unha pensión de xubilación é maior que a de mulleres nesta situación: o 70,5% dos homes fronte ao 63,7% das mulleres.

### Persoas de 50 a 69 anos que perciben algunha pensión, segundo o tipo de pensión. Galicia. Ano 2012

Miles de persoas

	Total	Homes	Mulleres
Percibe pensión de calquera tipo	219,0	135,7	83,2
Percibe prexubilación	16,2	12,9	3,4
Percibe pensión de xubilación	148,7	95,7	53,0
Percibe pensión distinta de xubilación	65,6	31,9	33,7

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: persoas de 50 a 69 anos ocupadas ou que, non estando ocupadas no momento de recollida da información, traballaron despois dos 49 anos. A enquisa considera dentro das prexubilacións as compensacións mensuais ou prestacións por desemprego derivadas dun acordo por unha relación laboral anterior.

En Galicia aproximadamente 16.200 persoas incluídas na poboación de referencia percibiron en 2012 unha prexubilación, das cales o 79,6% eran homes.

Por outra banda, o 40,5% das mulleres incluídas na poboación de referencia que cobraron unha pensión en 2012 percibiu unha prestación distinta da de xubilación ou prexubilación. Para os homes esta porcentaxe é do 23,5%.

## Persoas que abandonaron o mercado de traballo

Das 219 mil persoas incluídas na poboación de referencia en Galicia que percibiron algunha pensión en 2012, 196.600 xa abandonara o mercado de traballo no momento de recollida da información. O motivo do dito abandono corresponde, no 33,1% dos casos, a problemas de saúde ou discapacidade. Para o 20,2% das persoas consideradas o motivo principal para deixar de traballar foi alcanzar a idade máxima de xubilación. Outro 16% dos informantes apuntou ter cumprido os requisitos necesarios para percibir unha pensión como motivo principal do abandono do mercado de traballo.

### Persoas de 50 a 69 anos que abandonaron o mercado de traballo e perciben algunha pensión, segundo a razón principal para deixar de traballar.

Galicia. Ano 2012

Miles de persoas, porcentaxe

	Número	Porcentaxe
<b>Total</b>	<b>196,6</b>	<b>100,0</b>
Incentivos ou condicións económicas favorables para a xubilación	24,6	12,5
Perda do seu emprego ou imposibilidade para encontrar un traballo	11,5	5,8
Alcanzar a idade máxima de xubilación	39,8	20,2
Cumprimento dos requisitos necesarios para recibir unha pensión	31,4	16,0
Outras razóns relacionadas co traballo	10,6	5,4
Problemas de saúde ou discapacidade	65,0	33,1
Motivos familiares ou responsabilidades de coidado a outras persoas	5,9	3,0
Outras razóns	7,1	3,6
Non sabe	0,7	0,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


Nota: persoas de 50 a 69 anos que deixaron de traballar despois dos 49 anos e que non tendo emprego, nin buscan nin atoparon un ao que se vaian incorporar con posterioridade. A todas as persoas que declararon só prexubilacións se lles asignou como razón principal pola que deixaron de traballar o código "outras razóns relacionadas co traballo".

Ademais, ao 37,5% dos que abandonaron o mercado de traballo cumpridos os 50 anos lle tería gustado seguir traballando. Esta porcentaxe é incluso maior para as persoas de idades comprendidas entre os 50 e 59 anos: o 66,4% dos que abandonaron o mercado laboral a estas idades e cobran na actualidade unha pensión teríalle gustado poder seguir traballando.

**Persoas de 50 a 69 anos que abandonaron o mercado de traballo e están percibindo unha pensión, segundo lles tivese gustado ou non seguir traballando e a idade.**

**Galicia. Ano 2012**

*Porcentaxe*



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: persoas de 50 a 69 anos que deixaron de traballar despois dos 49 anos e que non tendo emprego, nin buscan nin atoparon un ao que se vaian incorporar con posterioridade.

**Persoas que continúan no mercado de traballo**

Unhas 15.700 persoas do colectivo analizado no módulo continúan traballando, ao tempo que perciben unha pensión. O 58,1% dos homes e 75,9% das mulleres apunta como principal motivo para seguir traballando logo dos 49 anos o económico. Dentro das razóns de índole económica, adquirir ou aumentar futuros dereitos de pensións de xubilación é o motivo máis frecuente entre os varóns, e obter ingresos persoais ou familiares suficientes entre as mulleres.

**Persoas ocupadas de 50 a 69 anos que, a pesar de percibir unha pensión, continúan traballando, segundo a principal razón para traballar e o sexo.**

**Galicia. Ano 2012**

*Miles de persoas*

	Total	Homes	Mulleres
<b>Non motivo económico</b>	<b>4,9</b>	<b>3,0</b>	<b>1,9</b>
<b>Motivo económico</b>	<b>10,6</b>	<b>4,3</b>	<b>6,3</b>
Adquirir ou aumentar futuros dereitos de pensión de xubilación	3,2	1,6	1,6
Obter ingresos persoais ou familiares suficientes	2,5	0,6	1,9
Ambas as dúas	4,9	2,2	2,7
<b>Non sabe</b>	<b>0,1</b>	<b>0,0</b>	<b>0,1</b>

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa


Nota: ocupados de 50 a 69 anos que perciben unha pensión de xubilación ou distinta de xubilación, ou ben unha prexubilación.

## Contribución para pensións futuras

Das 436.200 persoas incluídas na poboación de referencia en Galicia, que non están a percibir ningunha pensión de xubilación, a redor de 314.900 (o 72,2%) está contribuíndo ou contribuíu no pasado a plans de pensións co obxecto de ter dereito á percepción das mesmas no futuro. A meirande parte destas persoas (o 71,6%) está contribuíndo ou contribuíu ao sistema público de pensións. O 21,9% ademais complementa a contribución ao sistema público con plans de pensións individuais.

### Persoas de 50 a 69 anos que están xerando ou xeraron dereitos para percibir pensións de xubilación, segundo o tipo ou tipo de pensións aos que estean contribuíndo ou contribuíran. Galicia. Ano 2012

Porcentaxe



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: persoas de 50 a 69 anos ocupadas ou que non estando ocupadas no momento de recollida da información, traballaron despois dos 49 anos e non están percibindo pensión de xubilación.

Dentro do colectivo de persoas que non percibe ningunha pensión de xubilación e contribúe ou contribuíu a plans de pensións (as 314.900 persoas apuntadas arriba), o 93,4% (unhas 294 mil persoas) aínda está no mercado de traballo (son ocupados, buscan emprego ou están á expectativa de incorporarse a un posto). O 77,3% destas persoas ten pensado seguir traballando ata o momento no que teñan acceso á pensión de xubilación. O 4,6% espera seguir traballando incluso despois de percibir a pensión por xubilación.

**Persoas de 50 a 69 anos que estén xerando ou xeraron dereitos para percibir pensións de xubilación, segundo o momento no que pensan deixar de traballar. Galicia. Ano 2012**

*Miles de persoas, porcentaxe*

	Número	Porcentaxe
<b>Total</b>	<b>294,0</b>	<b>100,0</b>
Espera continuar traballando despois de recibir a pensión por razóns económicas	7,6	2,6
Espera continuar traballando despois de recibir a pensión por outras razóns	5,9	2,0
Espera seguir traballando pero ata o momento de recibir a pensión de xubilación	227,2	77,3
Non espera continuar traballando	16,1	5,5
Non sabe	37,1	12,6

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: persoas de 50 a 69 anos que continúan no mercado de traballo (como ocupados, buscando emprego ou á espera de incorporarse a un posto), que non perciben ningunha pensión de xubilación, e están xerando ou xeraron no pasado dereitos para percibir pensións de xubilación.

Pódese consultar a metodoloxía da Enquisa de poboación activa (EPA) en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_EPA\\_2005\\_Dupli\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf)

Información detallada en:

[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204018](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204018)

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>

Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 17:30 horas)

FAX: 981.54.13.23

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: [http://twitter.com/#!/IGE\\_Estadistica](http://twitter.com/#!/IGE_Estadistica)

Síguenos en facebook: <https://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>